

## ¿Adestras o teu músculo ético?

6 de abril: Día Internacional do Deporte e da Paz

- A ONGD Taller de Solidariedade ( TdS) puxo en marcha, co apoio da Xunta de Galicia, un proxecto global de sensibilización e Educación para o Desenvolvemento, no que se mostra como o deporte, a Igualdade de Xénero, o consumo responsable e o Comercio Xusto comparten valores.
- Respecto, convivencia, integración, cohesión social, compañeirismo, colaboración, afán de superación, igualdade de oportunidades, xustiza... son os valores que inculca o programa [Adestro Conciencia](#).
- 13 actividades deportivas dirixidas a centros educativos e deportivos para dar a coñecer as situacións de inxustiza e desigualdade que viven as mulleres, así como as produtoras e produtores de todo o mundo, inmersos nun mercado internacional inxusto que, non aposta por un mundo sustentable, incrementa a pobreza, e fomenta a desigualdade entre países empobrecidos e enriquecidos.
- Deportistas de elite, como as xogadoras da [selección española de rugby feminino](#), sumáronse a esta iniciativa. Varias dos seus integrantes compartiron actividades e reflexións con mozos e mozas dun dos colexios que participa no proxecto, xusto na semana na que revalidaron o seu título de campioas de Europa.

Lugo, 6 de abril de 2019. Os valores do deporte poden axudar a promover a paz, a tolerancia e a comprensión máis aló de fronteiras, culturas ou relixións. Isto é o que Nacións Unidas quere visibilizar neste Día Internacional do Deporte e a Paz. E estes son algúns dos principios nos que se inspira o proxecto Adestro Conciencia de Taller de Solidariedade, cuxo principal obxectivo é sensibilizar, concienciar e achegarnos a un consumo responsable e á igualdade de xénero a través do deporte.

A responsable de Sensibilización de TdS, Rocío Fernández Treviño sinala que *“cremos que o deporte é un elemento fundamental para alimentar os valores de cohesión social, para loitar contra os estereotipos e fortalecer as bases da paz nunha sociedade saudable. Tal e como expón a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable, desde TdS tentamos promover o deporte como unha ferramenta educativa que nos axude a fomentar a Igualdade de Xénero, o Comercio Xusto e o consumo responsable coa intención de que ningún país nin ningunha persoa queden atrás”*.

**Adestro Conciencia** comezou a súa andaina en Galicia en 2017 co apoio @de la [Xunta de Galicia desde a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior](#). Nestes dous anos máis de 2.000 persoas de 12 clubs deportivos e 14 centros educativos de educación secundaria adestraron o seu músculo ético con Taller de Solidariedade na comunidade galega. Estes clubs e centros educativos atópanse nos concellos de Lalín, Lugo, Monfero, Ourense, Pastoriza, Santiago, Touro e Vigo.

A través de 13 actividades, novas e adultos comprobamos como o deporte, a igualdade de xénero, o Comercio Xusto e o consumo responsable comparten unha serie de valores que poden axudar a cambiar as regras actuais do mercado

internacional, que sistemáticamente violan os Dereitos Humanos, fomentan a explotación laboral e a degradación ambiental, e xeran desigualdades sociais que afectan principalmente as mulleres.

Dentro do programa, realizarase o **próximo 8 de xuño** en Lugo unha **Liga 3** con equipos e centros deportivos que xa participasen previamente en **Adestro Conciencia**. Trátase dunha pequena competición de fútbol na que se enfrontarán equipos mixtos con regras distintas ás habituais, e nalgunhas ocasións inxustas, onde non só non puntúa meter máis goles que o rival, senón que se primarán outros valores e coñecementos.

**Fútbol 3** é unha metodoloxía de xogo desenvolta pola ONG StreetfootballWorld, que se utilizou en centos de proxectos en todo o mundo, e implementouse nos festivais de Football for Hope nos mundiais da FIFA 2010 e 2014.

En **Adestro Conciencia** esta actividade únese a outras como A carreira desigual, Feito en..., Historia dunha pelota, O observador..., que permiten experimentar as desigualdades que sofren as mulleres, as barreiras ás que se enfrontan, coñecer a procedencia e as condicións nas que se elabora a roupa coa que practicamos deporte, enfrontarse a un partido con regras inxustas como as regras que rexen a vida de moitas persoas no mundo ou reflexionar sobre as características que socialmente se asignan a homes e a mulleres a través de recoñecidas figuras do deporte. TdS considera que vivir, sentir, experimentar a situación á que se enfrontan millóns de persoas pode axudar, non só a entenderlles mellor, senón que ademais contribúe á formación de homes e mulleres comprometidas cunha sociedade máis equitativa e responsable.

Agora, este proxecto conseguiu dar o salto a outras cidades españolas grazas á colaboración do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social a través da convocatoria estatal de Subvencións con cargo ao 0,7% do IRPF. Este apoio permitiu a TdS incorporar as actividades do proxecto para adestrar conciencia na proposta educativa que cada ano presenta aos 15 centros e proxectos educativos cos que vén traballando desde 2001.

Tamén, este 2019 Adestro Conciencia chegou a 7 centros madrileños da man de TdS e SETEM MCM, co apoio do Concello de Madrid e a varios clubs deportivos de Leganés, e centros educativos de Tetuán e Villaverde, grazas á colaboración da Comunidad de Madrid.

Para formar parte de **Adestro Conciencia** só hai que entrar na seguinte [ligazón](#) e buscar o programa de adestramento que máis se axuste ás súas necesidades. O proxecto está aberto a calquera que queira superar os seus límites, sexa unha persoa comprometida coa xustiza e a igualdade, desexe deixar unha pegada social ética, e axudar desde o seu colexio ou escola deportiva a crear conciencia e ter conversacións transformadoras. Conversacións como as que tiveron mozos e mozas dun dos colexios que participa no programa coas Leas Emerging da selección española de rugby feminino, coas que compartiron reflexións e actividades. As actuais campioas de Europa sumáronse a esta iniciativa xusto a semana na que revalidaron o seu título.

Ademais, este proxecto de sensibilización e educación para o desenvolvemento complementa a alternativa ética de consumo de roupa deportiva, 'Roupa feita con amor' (RHCA), que Taller de Solidariedade lanza ao mercado hai 5 anos. Unha marca pioneira de roupa que garante unha produción en condicións de traballo seguras e cun salario digno e que busca crear conciencia sobre o impacto que teñen os hábitos de consumo sobre as persoas que producen o que se compra e consómese en países como o noso.

**Imaxes, recursos e entrevistas:** [Video do proxecto en Galicia](#) e [enlace á carpeta de vídeos e imaxes](#)

**Más información:** #entrenoconciencia - 982804736

Sonia Carralafuente [Comunicación] [marketing@tallerdesolidaridad.org](mailto:marketing@tallerdesolidaridad.org) | 638 02 81 51

Yolanda Lojo [Prensa] [comunicacion@tallerdesolidaridad.org](mailto:comunicacion@tallerdesolidaridad.org) 636 47 42 43

Rocío Fernández Treviño [Sensibilización] [proyectos2@tallerdesolidaridad.org](mailto:proyectos2@tallerdesolidaridad.org) | 652 47 10 18

Rafael Veiga de Diego [Coordinador de TdS] [coordinacion@tallerdesolidaridad.org](mailto:coordinacion@tallerdesolidaridad.org) | 630 87 73 25

### **Sobre Taller de Solidaridad** [www.tallerdesolidaridad.org](http://www.tallerdesolidaridad.org)

Taller de Solidaridad es una Fundación promovida por las Siervas de San José, que tiene como fin impulsar la justicia social, la dignidad de las personas y la mejora de sus condiciones de vida, transformando la sociedad, y optando por los colectivos pobres y excluidos de mujeres, niños y jóvenes de los países del Sur. Realiza su labor a través de proyectos de cooperación al desarrollo y promoción social, que potencian la capacitación y la dignificación del trabajo, Proyectos@tallerdesolidaridad.org así como con campañas de sensibilización y la promoción del comercio justo y del voluntariado.